

## As Pontes

### programación

Detalle a detalle tódolos actos dos 15 días de festa

### entrevista

Lorena Tenreiro, concelleira de Cultura

### pregoeiros

Escola Municipal de Baile Moderno

### cartel

A deseñadora pontesa Lucía DEcibreiro creou a imaxe

### infantil

As actividades que se levarán a cabo para a cativada

### alfombras

Unha tradición que se mantén na honra á Virxe

### música

Tódolos concertos das festas por estilos e gustos



## FESTAS DO CARME E A FRAGA

10 – 25/XULLO/2025 — AS PONTES



**PRUEBA  
UNA MÁQUINA  
DE BATERÍA**



**A Coruña**  
Rúa da Balsa, S/N 15320 As Pontes  
Tel. 981 452 055

**Lugo**  
Campo de Puente, 110-124 37800 Vilalba  
Tel. 982 511 478

**48H Y SIN  
COMPROMISO  
DE COMPRA**

**STIHL**

PROGRAMA

As Pontes prepárase para as súas festas

Nesta ocasión terán lugar entre o 18 e o 25 de xullo, pero haberá programación a semana anterior

O Concello das Pontes presentou con dúas semanas de antelación o programa das festas do Carme e A Fraga 2025, que se celebrarán do 11 ao 25 de xullo, con propostas culturais, relixiosas e lúdicas para todas as idades. A concelleira de Cultura, Lorena Tenreiro, destacou que as festas arrancan oficialmente o 18 de xullo, co pregón, que este ano estará a cargo da Escola Municipal de Baile Moderno, Danza Clásica e Flamenco, dirixida por Jaime Pablo Díaz, quen expresou a súa emoción e agradecemento polo nomeamento: “é un orgullo que nos escolleran como pregoeiros,

e quero agradecerlle a Lorena Tenreiro, concelleira de cultura, que pensasen en nós. Cando me deron a noticia emocionéime, sobre todo porque o recoñecemento é para o esforzo e a dedicación do profesorado pero sobre todo do alumnado da escola de baile”. “Eu son o director da compañía Nova Galega de Danza e sempre tentei inculcar o que para min é a danza e as artes escénicas. E dende logo o alumnado sempre foi moi receptivo coa miña mentalidade e coas miñas propostas, e grazas a iso a escola foi medrando ata acadar o excelente nivel que ten hoxe en día” engadiu. Jaime Pablo Díaz contou tamén que “imos con moitísima ilusión, e queremos que veña todo o mundo a ver o pregón porque temos preparada unha sorpresa moi especial que seguro que lle vai encantar ao público”. Durante a mesma presentación, tamén se deu a coñecer o car-



tel oficial das festas, deseñado pola artista pontesa Laura DEcibreiro, quen puxo en valor a oportunidade de contribuír co seu traballo: “que se apoie o traballo creativo e profesional nestes tempos nos que tanto abunda a intelixencia artificial. Para min é un orgullo poder deseñar o cartel das festas da miña vila”. Sobre os motivos que inspiraron á deseñadora pontesa para crear este cartel, Laura contaba que “a min sempre me gusta



moito debuxar As Pontes; é un sitio maravilloso e fermoso, se sabes onde mirar. Aquí o reto era reflectir dúas festas moi diferentes; o Carme e a romaría da Fraga, que se viven de xeito distinto. Pero se hai un elemento común entre as dúas é o baile, que é sinónimo de celebración e alegría. E no cartel están representadas as dúas festas; as vestimentas son diferentes, os fondos... con fogos artificiais por un lado, as luces de festival por outro... e penso que recolle

PROGRAMA

- VENRES 11**
- 19:30 h – Presentación da Revista nº 17 da Asociación de Estudos Históricos HUME. Casa Dopeso
  - 21:00 h – As Noites do Carme. actuación Escola Municipal de Baile Moderno. Praza de América
- SÁBADO 12**
- 20:00 h – Certame de Bandas (con pasacalles ás 19:30 h). Praza de América
- LUNS 14**
- 18:15 h – Xardíns Campo da Feira: Parque Activo. Música no parque + Circo na Casa de Meré Clown
  - 21:00 h – As Noites do Carme. III Festival de Acordeóns Vila das Pontes. Praza de América
- MARTES 15**
- 19:00 h – Parque Activo *Son Animal* de Paco Nogueiras. Campo da Feira
  - 21:00 h – As Noites do Carme. Festival de Música de Ultra-mar. Praza de América

- MÉRCORES 16**
- 18:15 h – Parque Activo *Música para bebés*. Xardíns Campo da Feira
  - 19:00 h – *Contos para cagar patatillas* de Brais das Hortas. Xardíns Campo da Feira
  - 21:00 h – As Noites do Carme. Música e Baile Tradicional. Praza de América
- XOVES 17**
- 19.00 h – Parque Activo *10 anos percorrendo camiños* de Os Monifates. Xardíns Campo da Feira
  - 21:00 h – As Noites do Carme. Música Tradicional. Praza de América
- VENRES 18**
- 20.30 h – Actuación Escola Municipal de Baile Moderno. Grupo Black. Praza do Concello.
  - 22:00 h – Concerto *Hija de la Luna*, tributo a Mecano. Praza do Carme
  - 23:30 h – Verbena coas orquestras Finisterre e Panorama City. Rúa 8 de Marzo

- SÁBADO 19**
- 11:30 h – Pasacalles con Axóuxere e Feroces da Galgueira
  - 12:00 h – Concerto Banda Cultural e Recreativa das Pontes. Praza de América
  - 14:00 h – Sersión vermú. Grupo Antha. Praza do Carme
  - 20:00 – Novena e misa na honra á Virxe do Carme. Capela do Carme
  - 21:30 – Procesión nocturna. Actuación da Agrupación Coral das Pontes e espectáculo Piro-Musical.
  - 23:00 – Verbena con Los Players e Los Satélites. Praza do Carme
  - 23:00 – Elaboración da alfombra floral
- DOMINGO 20**
- 12:00 h – Solemne celebración da Eucaristía coa Agrupación Coral As Pontes. Igrexa parroquial
  - 12:00 h – Procesión de subida da Virxe do Carme. Igrexa parroquial. Acompaña a Banda de Música Cultural e Recreativa das Pontes e Canavella.

- Ofrenda floral á Virxe do Carme
- 14:00 h – Sesión vermú co Grupo Máster. Praza do Carme
  - 22:30 h – Verbena coas orquestras París de Noia e New York. Praza do Carme
- LUNS 21**
- 11:30 h – Pasacalles con No Cómaro e Os Trevillas
  - 12:00 h – Misa de Santa María Madalena e procesión. Capela do Carme
  - 14:00 h – Sesión vermú co Grupo La Bamba. Praza do Carme
  - 16:30 h – Parque infantil con inchables, xogos e festa da escuma. Avenida da Coruña
  - 18:30 h – Pasacalles con grupos folclóricos do Festival Internacional
  - 20:00 h – Festival Internacional de Folclore. Polideportivo
  - 22:30 h – Verbena coas orquestras Orígenes e Olympus. Praza do Carme
- MARTES 22**
- 16:30 h – Parque infantil con inchables, xogos e festa da

- escuma. Avenida da Coruña
- XOVES 24**
- 12:00 h – Pasacalles Canavella
  - 22:30 h – Festival á Fraga (Imbolc, Alalá, The Rapants e Senra DJ). A Fraga
- VENRES 25**
- 12:00 h – Misa de Santiago Apóstolo. Capela do Carme
  - 13:30 h – Sesión vermú con Louband. A Fraga
  - 19:00 h – Pasacalles Festicultores. A Fraga
  - 22:00 h – Verbena coa orquestra Los Españoles. A Fraga
- OUTROS**
- ATA O 21/07** – Exposición *As Pontes Eléctrico*. Casa Dopeso
  - DO 10 AO 17/07** – Exposición *Unha foto, un poema*. Patio de Santa María
  - DO 10 AO 17/07** – Solemne novena na honra á Virxe do Carme. Capela do Carme
  - DO 10 AO 17/07** – Parque Activo no Campo da Feira. Horario 11:30-14:00 e 17:30 a 19:30 horas



bastante ben o espírito tanto do Carme como da Fraga”.

### DÚAS SEMANAS DE MÚSICA

A concelleira delegada da área de cultura, Lorena Tenreiro, que aproveitaba para debullar máis polo miúdo o programa das festas, subliñaba que “a pesar de que as festas comezan oficialmente o 18 de xullo coa lectura do pregón, as actividades xa empezan unha semana antes, con actividades que xa se están consolidando dentro da programación cultural das festas, como as Noites do Carme, e que serven para achegar a cultura a un entorno renovado e que se presta para este tipo de propostas, como é a praza de América”.

Nesta ocasión amplían a súa programación con respecto á edición anterior; “o día 11 de xullo a partir das 21:00 horas poderemos gozar da proposta da escola municipal de baile moderno, danza clásica e flamenco; o 12 de xullo será a quenda do Certame de Bandas ás 20:00 horas precedido dun pasacalle ás 19:30, coas bandas Isabel II de Touro, a Banda de Música de Arca e a Banda Cultural e Recreativa das Pontes.

### ARTISTAS DAS PONTES

As Noites do Carme continúan dende o luns 14 ao xoves 17 de xullo, na Praza de América, co III Festival de Acordeóns Vila das Pontes; o Festival Música de Ultramar, no que participarán a Rondalla Vila das Pontes e a agrupación coruñesa Amizades; e por suposto tamén haberá espazo para a música tradicional coas actuacións da banda de gaitas da escola municipal de



música tradicional e o grupo de baile da escola municipal de baile galego, que farán unha actuación conxunta; e na última xornada das Noites do Carme o protagonismo será para as agrupacións tradicionais da localidade Canavella, Os Trevillas e No Cómbaro.

Dentro das propostas culturais para esta primeira semana tamén destaca a inauguración, o 10 de xullo coa exposición *Unha foto, un poema*. Unha mostra de creación colectiva con fotografías e versos de autores locais, e que poderá verse no patio do Colexio Santa María. Así mesmo, na Casa Dopeso, ata o 24 de xullo, poderá visitarse a exposición *As Pontes Eléctrico* do artista Luis Torrente, dedicada á arquitectura industrial do municipio e o día 11 de xullo ás 19:30 horas na Casa Dopeso terá lugar a presentación da revista nº 17 da Asociación de Estudos Históricos Hume. Dentro do programa das festas tamén hai cabida para os máis cativos, e por iso un ano máis

volve o Parque Activo, que este ano adianta a súa programación ao 14 de xullo, e nos xardíns do Campo da Feira ofrecerá xogos, espectáculos e música en horarios de mañá e tarde, cun programa que inclúe propostas como *Circo na casa de MeRe Clown*, *Son Animal* de Paco Nogueiras, ou os contos de Brais das Hortas. O comezo oficial destas Festas do Carme e a Fraga do 2025 terá lugar o venres 18 de xullo, ás 20:30 horas co pregón, que precederá a un dos pratos fortes da programación cultural deste ano: o concerto do tributo ao grupo Mecano *Hijo de la luna*, ás 22:00, e a continuación terá lugar a primeira verbena das festas coas orquestras Finisterre e Panorama City. Xa o sábado 19 haberá pasacalle dende as 11:30, concerto da Banda de Música, sesión vermú co grupo Antha, e a tradicional Procesión Nocturna da Virxe do Carme ás 21:30, cun alto na praza do Hospital para a actuación da Coral e un espectáculo

piro-musical. A noite culminará coa verbena a cargo das orquestras Los Players e Los Satélites.

O luns 21 arrinca o Festival Internacional de Folclore co tradicional pasacalles ás 18:30 horas seguido das actuacións no Pavillón Polideportivo Municipal de grupos de Panamá, India, Eslovaquia, Valladolid e Galicia. Pechará a xornada a verbena coas orquestras Origen e Olympus. O martes 22 e o xoves 24 haberá actividades infantís e música coas actuacións de Os Trevillas e o Festival A Fraga, con artistas como Nimbo, Ailá, The Rapants e Señora DJ.

### ROMARÍA DA FRAGA

As festas culminan o venres 25 de xullo coa emblemática Romaría da Fraga, declarada de Interese Turístico. A misa de Santiago Apóstolo será ás 12:00 horas, seguida da sesión vermú con Louband, o pasarrúas dos Festicultores e a verbena final coa orquestra Los Españoles.

As celebracións  
rematarán como  
todos os anos  
coa Romería  
da Fraga e o  
seu festival de  
música



**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

Deséxavos que pasedes  
unhas boas festas!

Vilalba 982 51 01 00

981 45 15 04 As Pontes



# ENTREVISTA

## Lorena Tenreiro, concelleira de Cultura

**“As festas deste ano presentan unha oferta máis ampla, máis inclusiva, máis galega e máis comprometida coa cultura local”**

**Cóntenos como van ser este ano as festas?**

As festas deste 2025 serán, unha vez máis, un momento de encontro, celebración e orgullo colectivo. Apostamos por un programa diverso, para todas as idades, que mestura tradición e cultura, a través de múltiples propostas artísticas, e diversión. Serán dúas semanas cheas de actividades, do 10 ao 25 de xullo, con especial protagonismo da música en directo, da danza e das propostas familiares.

**Temos novidades con respecto ao ano pasado?**

As festas deste ano presentan unha oferta máis ampla, máis inclusiva, máis galega e máis comprometida coa cultura local, sen renunciar aos elementos máis queridos e tradicionais que as definen. Este ano enriquecemos o programa con propostas que responden ao compromiso do Concello por seguir mellorando e innovando ser perder as nosas raíces.

Unha das principais novidades é a ampliación das Noites do Carme, que pasan a ocupar toda a semana previa ao inicio oficial das festas. Este ciclo cultural medra tanto en duración como en contido, incorporando novos espectáculos, máis diversidade musical e maior protagonismo das agrupacións locais. Tamén se reforza a presenza da música tradicional e popular, coa participación da banda de gaitas, os grupos de baile galego e a actuación nas Noites do Carme de formacións como Canavella, Os Trevillas e No Cómbaro, que poñen en valor o noso patrimonio inmaterial. Outra das novidades destacadas é o cambio de data e situación



Parque Activo que se adiante ao 14 de xullo e presenta un cartel renovado con espectáculos como “Son Animal” de Paco Nogueiras, “Circo na casa” de MeRe Clown e contacontos con Brais das Hortas e pasamos de unha a dúas festas da escuma.

**Nesta edición o galego cobra protagonismo. Cóntenos como vai ser?**

O galego é protagonista en todos os espazos das festas: na comunicación, nos espectáculos, nos concertos e mesmo na literatura coa exposición *Unha foto, un poema*. Durante as festas contaremos con artistas que cantan e crean en galego, como The Rapants, Ailá ou Señora DJ, así como contacontos ou circo para a rapazada onde o galego será a lingua vehicular.

**É un cartel dividido por franxas de idade?**

O programa está pensado para que todas as idades se sintan representadas. Hai espectáculos infantís ao abeiro da proposta Parque Activo da Biblioteca municipal, con música, xogos e contacontos; propostas para o público novo como o Festival A Fraga con The Rapants, para un público maduro co concerto tributo a Mecano verbenas con orquestras máis tradicionais,

e actividades culturais como o festival folclórico internacional que recollen tamén o sentir das persoas maiores.

**Cóntase cos artistas locais para as festas?**

Por suposto. A Escola Municipal de Baile Moderno, a Rondalla Vila das Pontes, A Escola Municipal de Acordeóns, a Banda Municipal de Gaitas, a Escola de Baile Galego a Banda Cultural e Recreativa das Pontes, a Coral das Pontes, os grupos de música tradicional No Cómbaro, Canavella, os Trevillas, tamén contamos co grupo Os Ferores da Galgueira e o grupo Nimbos no Festival A Fraga, sen esquecer a deseñadora do cartel anunciador das festas do Carme e a Fraga 2025, Laura Decibreiro. No noso programa queremos poñer en valor e dar a coñecer o talento da nosa xente.

**Como se escolle o cartel?**

A escollo do cartel é unha decisión consensuada desde a área de Cultura, procurando sempre poñer en valor o traballo artístico local. Cada ano apostamos por un artista local para deseño, intentando que todos e todas teñan a oportunidade de elaboralo. Este ano confiamos na creatividade de Laura Decibreiro, autora de moitos carteis de eventos importantes do Concello

das Pontes. Laura soubo captar á perfección a dualidade do Carme e da Fraga, co baile como elemento común de celebración. O seu cartel é unha auténtica obra de arte e son moitos as mensaxes que recibimos felicitando á autora e ao Concello pola súa elección. Para nós é un auténtico privilexio poder contar con deseñadores da talla de Laura e o seu compromiso coa nosa vila, facendo de cada proposta gráfica un elemento de orgullo para toda a veciñanza.

**Se traballa todo o ano para compoñer o programa das festas?**

A organización das festas comeza case cando rematan as do ano anterior. Analízase o que funcionou, o que se pode mellorar, escóllense propostas, contacta coas compañías, artistas e provedores... Despois chega a parte administrativa, a formalización dos contratos e finalmente a parte máis complexa... as propias festas, con todo o persoal de cultura na rúa, supervisando cada unha das actividades que se levan a cabo, pendentes da parte loxística, da artística, de que todo saia ben e facendo fronte a calquera imprevisto, contando sempre coa colaboración dos departamentos de obras, de servizos e de seguridade, departamentos esenciais para garantir o éxito

**“No noso programa queremos poñer en valor e dar a coñecer o talento da nosa xente”**



**CAFÉ-BAR  
TORRE LAVÉGA**  
DESDE 1964

*Xa estamos  
de volta*





das celebracións. É un traballo constante e colectivo. Desde aquí quero agradecer a todas as persoas implicadas nas Festas do Carme e a Fraga 2025 o seu traballo, a súa implicación e o seu tempo en días que son para estar ca familia e que eles e elas lle dedican ás festas para que todo saia ben.

**Como se chegou a escoller este pregoeiro?**  
Este ano o pregón recae na Escola Municipal de Baile Moderno, como recoñecemento a unha traxectoria de máis 20 anos marcada polo talento, a inclusión, o compromiso social e cultural. É unha homenaxe á figura de Silvia Lamas, primeira profesora da Escola, a Jaime Pablo Díaz, actual director, á memoria de Eva Conde, concelleira de Cultura entre 2007 e 2011, que apostou pola danza, pero sobre todo ao esforzo de todo o profesorado, alumnado e as súas familias que fixeron da escola unha referencia en toda a comarca.

**Que significado teñen as festas para As Pontes?**  
As festas son un espello do que somos: un pobo orgulloso das súas

raíces, acoledor, cheo de vida e cultura. Son tempo de encontro, de memoria e de futuro. Un espazo para recoñecernos como comunidade e celebrarnos.

**A veciñanza está involucrada e participa?**  
A implicación da veciñanza, en xeral, e das entidades culturais é esencial para que as Festas do Carme e da Fraga cobren vida e se convertan nunha celebración auténtica e participativa. As entidades culturais e os artistas locais xogan un papel protagonista na programación, achegando talento, diversidade e calidade a cada unha das actividades. Grupos de música tradicional, a banda cultural e recreativa, escolas municipais culturais... traballan durante todo o ano para preparar actuacións que enriquecen o programa e manteñen viva a cultura popular e contemporánea das Pontes. Ademais, un exemplo destacado de colaboración cidadá é a participación da veciñanza na elaboración da alfombra floral, unha tradición emblemática que require esforzo, dedicación e traballo en equipo. Esta actividade, que involucra a

persoas de todas as idades, é un reflexo palpable do compromiso dos veciños e veciñas das Pontes coas festas do Carme e a Fraga. Por suposto, a veciñanza non só participa como voluntaria o coas súas propostas artísticas, senón que tamén responde masivamente como público asistente, apoiando coa súa presenza e entusiasmo cada unha das propostas culturais, festivas e relixiosas. Esta implicación fai que o traballo realizado desde o departamento de Cultura véxase recoñecido e valorado e esa e sen dúbida a maior recompensa a meses de desvelos e días de preocupación. O apoio popular tamén se traduce nun ambiente de convivencia e respecto, onde cada actividade vívese con alegría e orgullo, fortalecendo o sentido de comunidade e a identidade local. As Festas do Carme e da Fraga, son para min, un exemplo claro de como o esforzo conxunto de entidades culturais, artistas e a veciñanza no seu conxunto fai posible que cada ano as rúas das Pontes énanche de música, cor e tradición, consolidando unhas festas que son verdadeiramente de todas e todos.



**E a parte relixiosa, segue a ter o mesmo relevo?**  
Si, a parte relixiosa mantén o seu lugar, con actos litúrxicos como a Procesión Nocturna da Virxe do Carme, moi emotiva, como tamén

o é a procesión de subida ou a novena en honra á Virxe do Carme. Son momentos de fe e de lembranza que seguen moi presentes no sentir das festas e que sen elas as nosas festas non serían o que son.

A PROGRAMACIÓN DO RESTO DO ANO

O QUE VEN

Tras o verán seguiremos coa programación cultural do segundo semestre: concertos, exposicións e un ciclo de teatro en galego que estamos xa pechando. Teremos unha cita coa feira de Fungos e Cogomelos e coa música tradicional e celebraremos á patroa dos músicos. Regresará o cine de estrea, con sesións para público neurodiverso, retomaremos as actividades dos Xoves na Biblio, os clubs de lectura...e as escolas municipais culturais e as asociacións culturais da vila volverán coas súas propostas a encher o Auditorio Municipal Cine Alovi e Casa Dopeso e tamén haberá algunha novidade,

“na que trataremos de poñer en contacto ao público pontés con novas propostas culturais e unha oferta musical máis diversa”.

BALANCE

A valoración é moi positiva. As propostas culturais tiveron moi boa acollida, tanto no público adulto como infantil. Tivemos que colgar o cartel de aforo completo en varias ocasións no Auditorio Municipal da man de propostas como o concerto de Elefantes, o concerto de Abraham Cupeiro ou o monólogo de Luis Zahera. Trouxemos propostas menos coñecidas pero que gozaron con favor do público como foi o concerto de fado de Lina e mesmo

acollemos a estrea absoluta da obra Alta Costura de Elefante Elegante cun auditorio municipal case cheo... seguimos apostando polo teatro amador cunha moi boa resposta por parte do público... O curso 2024–2025 estivo marcado pola continuidade de proxectos consolidados como a Cabalgata de Entroido, a Romaría das Merendas, a Noite Meiga, a Feira do Grelo, a Gala de Maxia de Nadal a introdución de novas propostas como o cinefórum da Biblioteca, o club de lectura de novela negra... e, sobre todo, pola alta participación da cidadanía, que respondeu con entusiasmo e implicación ao conxunto das actividades programadas.

Outro dos puntos fortes foi a intensa colaboración co tecido cultural local, que permitiu reforzar a presenza de agrupacións pontesas nos distintos eventos ao longo do ano. Todas elas tiveron un papel fundamental tanto na programación regular como nos eventos extraordinarios, ofrecendo actuacións de alto nivel e fortalecendo o vínculo entre formación, creación e espectáculo.

CULTURA INCLUSIVA

Durante este curso apostamos pola cultura inclusiva e para todas as idades, coa programación de actividades específicas para público infantil, xuvenil e adulto. Tivemos contacontos, obradoi-

ros creativos, teatro, música en directo, cineforum, exposicións pictóricas, cine de estrea, espectáculos de maxia, monólogos que cubriron un amplo abano de intereses. O Cine Alovi, Casa Dopeso, a Biblioteca Municipal e o patio do colexio Santa María foron escenarios vivos e dinámicos ao longo de todo o curso, permitíndonos consolidar unha programación cultural diversa, de calidade, participativa e profundamente conectada coa veciñanza. Esta base sólida é a que nos permite afrontar con entusiasmo os retos e proxectos do novo curso a partir de setembro. “Queremos seguir nesta liña: cultura accesible, diversa e feita con e para a xente”.



Conoce nuestros *servicios*  
Audiología avanzada  
Estudios optométricos avanzados  
Marcas en exclusiva  
Ofertas exclusivas

OPTICALIA  
CALLAO

LUGO | FERROL | ASPONTES | NARON | ORTIGUEIRA  
Avd. Galicia, 49 - Tel. 981 452 270  
www.opticaliacallao.com

R.S.: E-27-000342 | E-27-000015



# PREGÓN

## Escola de Baile Moderno das Pontes

**Foi a entidade escollida para ler o pregón inaugural das festas, que será o venres 18 ás 20.30 horas**

Como todos os anos, o Concello escolleu un colectivo ou organización con especial relevancia para ler o pregón inaugural das festas do Carme, que este ano terá lugar o venres 18 de xullo, ás 20.30 horas. Nesta ocasión será a Escola Municipal de Baile Moderno a escollida para abrir oficialmente as festas. Para iso, o seu director, Jaime Pablo Díaz, será o encargado de falar no nome do grupo que representa. Ademais, eles mesmos serán os encargados tamén de abrir as actuacións nas Noites do Carme, o venres 11, ás 21.30 horas na praza América.

**Como recibiu a escola a noticia de que foron escollidos para ser pregoeiros das festas?**  
Recibímolos cunha ilusión inmensa e cun orgullo enorme. Para nós é un recoñecemento precioso ao traballo de tantos anos, ás nenas e nenos, ás familias, ás mestras, á cultura que sementamos día a día. Nós sentímolos como un premio compartido con todo o pobo.

**Ten unha gran vinculación coa vila e a súa actividade?**  
A Escola está feita das Pontes e para as Pontes. Todo o que facemos nace aquí e volve aquí: os festivos, as actuacións, as clases, as

colaboracións, o Concello... Somos parte da vida cultural da vila e sentímonos parte dunha familia máis grande que é todo o pobo.

**Pode adiantarnos un pouco do que vai falar no pregón?**  
Sen revelar todo, claro, podo dicir que será un pregón de agradecemento. Queremos falar das nenas e nenos, do valor de soñar, de bailar, de aprender xuntos. De todo o que une a Escola co corazón da vila. Queremos emocionar e facer lembrar, porque as festas son para festexar, pero tamén para sentirnos parte de algo común.

**Que lembranzas garda das festas e da súa evolución estes anos?**  
A verdade é que eu, persoalmente, teño unha relación curiosa coas festas, porque moitas veces non puiden estar nelas como me gustaría. Desde que dirixi a compañía profesional Nova Galega de Danza, adoita coincidir coas datas de xira e actuacións fóra, así que normalmente véxoas un pouco desde lonxe. Pero iso tamén fai que as valore máis: cando podo vivilas, síntoas como un reencontro co pobo, coas raíces. E gústame moito velas medrar, ver como cambian, como se adaptan aos tempos sen perder a esencia. Ao final, as festas son iso: un lugar de volta, un recordatorio de quen somos e de onde vimos

**Como director da escola, pode facernos un balance de como foi o ano na Escola municipal?**  
Este ano foi marabilloso, cheo de retos e tamén de moitas satisfaccións. Cada curso é diferente, pero sempre hai esa chispa de ver como as crianzas medran, como melloran, como desfrutan... Houbo momentos de esforzo, momentos de festa, momentos de aprendizaxe. E o máis importante: seguimos facendo comunidade, que é o que máis valoramos.

**Cantos nenos e nenas participan todos os anos?**  
Cada ano temos arredor de 270 nenos e nenas mais adultos, danza



toda unha vila, pero o importante é que sempre hai rapazada nova que entra e familias que confían en nós. Iso é o que nos mantén vivos.

**Ademais do pregón teñen un oco na programación?**  
Si, claro! Este ano é o primeiro ano que a escola sae á rúa nas festas, antes do pregón. Para nós é importante devolverlle á xente o que nos dá co seu apoio. E as festas son o momento perfecto para compartir o que facemos todo o ano.

**Que obxectivos ten a escola?**  
O noso gran obxectivo é facer comunidade a través da cultura. Que as nenas e nenos aprendan, desfruten, coñezan, compartan... Queremos formar persoas creativas, respectuosas, libres, con amor pola súa vila e pola súa cultura. Queremos ser un espazo de encontro onde cada quen poida achegar o seu.

**Fáganos un resumo de como foi o seu progreso, cando naceu e que cambios tivo.**  
A Escola naceu con moita ilusión. As clases de Baile moderno comezaron no curso 2004-2005

pero foi nos anos 2006 ao 2009 cando aumentou o número de persoas interesadas da man de Silvia Lamas Maceira; en xuño de 2009 Silvia rematou o curso e non puido continuar o ano seguinte (por cuestións relacionadas co seu traballo e a incompatibilidade con dar as clases). Daquela era concelleira Eva Conde Murado que apostou pola continuidade da escola municipal e en outubro de 2009 comecei a dar as clases, buscando sempre dar o mellor. E se hoxe estamos aquí, é grazas a toda esa xente que pasou pola Escola, que deixou a súa pegada e fixo posible que sigamos soñando. Non quero esquecer a O Catre, unha compañía de teatro das Pontes que colaborou durante anos. Ese mesmo curso a gala final dedicouse a Michael Jackson (morto en xuño do 2009). Despois viñeron o resto de espectáculos.

### OS ESPECTÁCULOS

- 2010 Michael Jackson
- 2011 ABBA
- 2012- CIRCO
- 2015 Michael Jackson
- 2016 Fosse
- 2017 A Fraga
- 2018 EL GRAN SHOW
- 2019 QUEEN
- 2021- FLASH MOVE NO PARQUE
- 2022 DISCO ALOVI
- 2023 TALENT SHOW
- 2024 A VIAXE





## CARTEL

## Unha imaxe deseñada nas Pontes para as Pontes

## A deseñadora pontesa Laura DEcibreiro foi a encargada de elaborar o cartel das patronais

“Quería representar o espírito de cada festa mediante as personaxes e os elementos que as rodean”

Na liña de manter e poñer en primeira fila o traballo dos veciños e veciñas das Pontes durante as festas, nesta ocasión o encargo do cartel quedou tamén na propia vila. A responsable foi a artista pontesa Laura DEcibreiro, quen puxo en valor a oportunidade de contribuír co seu traballo creativo. Laura recibiu directamente do Concello o encargo de elaborar o cartel das festas do Carme e da Fraga e plasmou no mesmo os eixos máis representativos dunha festa que combina pasado e presente, tradición e modernidade e foliada e relixión, unhas festas que son parte imprescindible desta localidade.

## Explíquenos como foi que acabou deseñando o cartel?

Chamoume Lorena Tenreiro, a concelleira de cultura e propúxome facelo. Fíxome moita ilusión.

## Que o que intenta representar nel?

Nas Pontes temos dúas festas unidas pero que celebramos de xeito distinto. O Carme é o patrón, coas procesións, os fogos artificiais, as orquestras, a xente acícalase para saír... A Fraga é máis festiva, coas cabanas, as merendas entre as árbores, os baños no río... Quería representar o espírito de cada unha mediante as per-

sonaxes e os elementos que as rodean. O que as une é o baile, a música, as ganas de desfrutar, iso téñeno en común.

## É o primeiro cartel que fai para as festas?

Si, teño feito outros traballos para o Concello pero o das festas é a primeira vez.

## Fálenos un pouco do seu traballo, cando comezou e canto tempo leva nisto do deseño?

Xa teño experiencia. Comecei a traballar no departamento de comunicación do CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia) xusto despois de rematar os estudos de Deseño Gráfico. Estiven alí tres anos. Logo cambiei a Dardo, un estudio de deseño e editorial especializada en arte contemporánea en Santiago, onde quedei varios anos. Cando naceu o meu fillo vin vivir ás Pontes. Púxenme como autónoma para poder conciliar e facer o que me gusta.

## Cales son os traballos máis destacados?

Cada traballo é especial. Estes días presentouse un libro do que fixen o deseño para o Colexio de Xornalistas de Galicia. Do Colexio de Psicoloxía tamén fago moitas cousas, da Fegamp, a Deputación, o Concello das Pontes... Teño clientes que son empresas grandes e outros máis pequenos e próximos. O que buscan cando me contratan é un traballo coidado, creativo e profesional. A min o que máis me gusta é ilustrar e maquetar, tamén facer logos.

## Algún premio?

Fun nominada dúas veces aos premios Visual.



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115  
Rúa da Pravia, 25-27 / Tfno.: 982 510 055  
Fax: 982 511 503  
VILALBA - LUGO  
fpuentes@infonegocio.com

Integrada en:





Desenho e ilustración — Laura de Cidre — www.lauradecidre.com

# FESTAS DO CARME E A FRAGA

10 — 25/XULLO/2025 — AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ



|                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <div>11 VENRES</div> <div>19.30 H – CASA DOPESO</div> <div>PRESENTACIÓN</div> <div>REVISTA Nº 17 ASOCIACIÓN DE ESTUDOS HISTÓRICOS HUME</div> <div>21.00 H – PRAZA DE AMÉRICA</div> <div>AS NOITES DO CARME</div> <div>ACTUACIÓN ESCOLA MUNICIPAL DE BAILE MODERNO</div>    | <div>17 XOVES</div> <div>19.00 H – XARDINS CAMPO DA FEIRA</div> <div>PARQUE ACTIVO</div> <div>10 ANOS PERCORRENDO CAMIÑOS DE OS MONIFATES</div> <div>21.00 H – PRAZA DE AMÉRICA</div> <div>AS NOITES DO CARME</div> <div>MÚSICA TRADICIONAL</div>                                                                                                                                                             | <div>21.30 H</div> <div>PROCESIÓN NOCTURNA</div> <div>ACTUACIÓN DA AGRUPACIÓN CORAL AS PONTES E ESPECTÁCULO PIRO-MUSICAL</div> <div>23.00 H – PRAZA DO CARME</div> <div>VERBENA</div> <div>ORQUESTRAS "LOS PLAYERS" E "LOS SATÉLITES"</div> <div>ALFOMBRA FLORAL</div>                                                                                                                                                                                                                                                                             | <div>12.00 H – CAPELA DO CARME</div> <div>MISA DE SANTA MARÍA MAGDALENA E PROCESIÓN</div> <div>14.00 H – PRAZA DO CARME</div> <div>SESIÓN VERMÚ</div> <div>GRUPO LA BAMBA</div> <div>18.30 H – RUAS DO CONCELLO</div> <div>PASACALLE</div> <div>GRUPOS FOLCLÓRICOS DO FESTIVAL</div> <div>20.00 H – POLIDEP MUNICIPAL</div> <div>FESTIVAL INTERNACIONAL DE FOLCLORE</div> <div>22.30 H – PRAZA DO CARME</div> <div>VERBENA</div> <div>ORQUESTRAS "ORIGEN" E "OLYMPUS"</div> |
| <div>12 SABADO</div> <div>20.00 H – PRAZA DE AMÉRICA</div> <div>CERTAME DE BANDAS (CON PASACALLE ÁS 19.30 H)</div>                                                                                                                                                         | <div>18 VENRES</div> <div>20.30 H – PRAZA DO CONCELLO</div> <div>PREGÓN</div> <div>ESCOLA MUNICIPAL DE BAILE MODERNO</div> <div>ACTUACIÓN</div> <div>GRUPO BLACK</div> <div>23.30 H – PRAZA DO CARME</div> <div>VERBENA</div> <div>ORQUESTRAS "FINISTERRE" E "PANORAMA CITY"</div> <div>22.00 H – RUA 8 DE MARZO</div> <div>CONCERTO</div> <div>HIJA DE LA LUNA</div> <div>TRIBUTU A MECANO</div>             | <div>20 DOMINGO</div> <div>12.00 H – IGREXA PARROQUIAL</div> <div>SOLEMNE CELEBRACIÓN DA EUCARISTÍA</div> <div>CANTADA POLA AGRUPACIÓN CORAL AS PONTES</div> <div>PROCESIÓN DE SUBIDA DA VIRXE DO CARME</div> <div>CO ACOMPAÑAMENTO DA BANDA DE MÚSICA CULTURAL E RECREATIVA DAS PONTES E CANAVELLA</div> <div>OFRENDA FLORAL Á VIRXE DO CARME</div> <div>14.00 H – PRAZA DO CARME</div> <div>SESIÓN VERMÚ</div> <div>GRUPO MASTER</div> <div>22.30 H – PRAZA DO CARME</div> <div>VERBENA</div> <div>ORQUESTRAS "PARÍS DE NOIA" E "NEW YORK"</div> | <div>24 XOVES</div> <div>12.00 H – RUAS DA VILA</div> <div>PASACALLE</div> <div>CANAVELLA</div> <div>22.30 H – A FRAGA</div> <div>FESTIVAL A FRAGA</div> <div>NIMBOS / AILÁ / THE RAPANTS</div> <div>SEÑORA DJ</div>                                                                                                                                                                                                                                                        |
| <div>14 LUNS</div> <div>18.15 H – XARDINS CAMPO DA FEIRA</div> <div>PARQUE ACTIVO</div> <div>MÚSICA NO PARQUE + CIRCO NA CASA DE MERE CLOWN</div> <div>21.00 H – PRAZA DE AMÉRICA</div> <div>AS NOITES DO CARME</div> <div>III FESTIVAL DE ACORDEÓNS VILA DAS PONTES</div> | <div>19 SABADO</div> <div>11.30 H – RUAS DA VILA</div> <div>PASACALLE</div> <div>AXÓUXERE E FEROCES DA GALGUEIRA</div> <div>12.00 H – PRAZA DE AMÉRICA</div> <div>CONCERTO</div> <div>BANDA CULTURAL E RECREATIVA DAS PONTES</div> <div>14.00 H – PRAZA DO CARME</div> <div>SESIÓN VERMÚ</div> <div>GRUPO ANTHA</div> <div>20.00 H – CAPELA DO CARME</div> <div>NOVENA E MISA EN HONRA Á VIRXE DO CARME</div> | <div>21 LUNS + 22 MARTES</div> <div>16.30 H – AVENIDA DA CORUÑA</div> <div>PARQUE INFANTIL</div> <div>INCHABLES E XOGOS FESTA DA ESCUMA</div> <div>21 LUNS</div> <div>11.30 H – RUAS DA VILA</div> <div>PASACALLE</div> <div>NO CÓMBARO E OS TREVILLAS</div>                                                                                                                                                                                                                                                                                       | <div>25 VENRES</div> <div>12.00 H – CAPELA DO CARME</div> <div>MISA DE SANTIAGO APÓSTOLO</div> <div>13.30 H – A FRAGA</div> <div>SESIÓN VERMÚ</div> <div>LOUBAND</div> <div>19.00 H – A FRAGA</div> <div>PASACALLE</div> <div>FESTICULTORES</div> <div>22.00 H – A FRAGA</div> <div>VERBENA</div> <div>ORQUESTRA "LOS ESPAÑOLES"</div>                                                                                                                                      |
| <div>15 MARTES</div> <div>19.00 H – XARDINS CAMPO DA FEIRA</div> <div>PARQUE ACTIVO</div> <div>SON ANIMAL DE PACO NOGUEIRAS</div> <div>21.00 H – PRAZA DE AMÉRICA</div> <div>AS NOITES DO CARME</div> <div>II FESTIVAL DE MÚSICA DE ULTRAMAR</div>                         | <div>16 MERCORES</div> <div>18.15 H – XARDINS CAMPO DA FEIRA</div> <div>PARQUE ACTIVO</div> <div>MÚSICA PARA BEBÉS</div> <div>19.00 H – XARDINS CAMPO DA FEIRA</div> <div>PARQUE ACTIVO</div> <div>CONTOS PARA CAGHAR PATATILLAS DE BRAIS DAS HORTAS</div> <div>21.00 H – PRAZA DE AMÉRICA</div> <div>AS NOITES DO CARME</div> <div>MÚSICA E BAILE TRADICIONAL</div>                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |

Do 10/07 ao 10/08  
Patio de Santa María  
**EXPOSICIÓN: "UNHA FOTO, UN POEMA"**  
Exposición de fotografías e poemas de creación colectiva de autores e autoras das Pontes.

Ata o 24/07  
Casa Dopeso  
**EXPOSICIÓN: "AS PONTES ELÉCRICO"**  
(DE LUIS TORRENTE)  
Exposición de debuxos sobre a arquitectura industrial pontesa.

DO 11 ao 19/07  
**SOLEMNE NOVENA NA HONRA Á VIRXE DO CARME**  
7:30 h e 19:30 h na carpa sita diante da Capela do Carme.

Do 14 ao 17/07  
**PARQUE ACTIVO**  
Xardíns Campo da Feira  
En horario de mañá, de 11:30 a 14:00 h e de tarde de 17:30 a 20:30 h (Consulta programa día a día).



# ACTIVIDADES INFANTÍS

## A xente miúda quentará motores desde o día 11

A biblioteca iniciará as actividades antes da semana de festas, deixando para o final a festa da escuma

Como non podía ser doutra maneira, a biblioteca local volve coa súa iniciativa Parque activo, a cal se dirixe a ofrecer actividades lúdicas e educativas para promover hábitos saudables entre os máis pequenos da localidade. Este ano,



adianta a súa programación ao 14 de xullo e nos xardíns do Campo da Feira ofrecerá xogos, espectáculos e música en horarios de mañá e tarde, cun programa que inclúe propostas como *Circo na casa*, de MeRe Clown; *Son Animal*, de Paco Nogueiras, ou os contacontos de Brais das Hortas. A sesión, dará comezo o luns ás 18.15 horas con música no parque e o *Circo na casa* de MeRe Clown, espectáculo dan man de David Merelas, o fundador e director de Moc Moc Espectáculos e Animación, que busca concienciar sobre a importancia de colaborar nas tarefas domésticas. Para este pallaso os roles entre homes e mulleres non están marcados. As tarefas domésticas din que hai que repartilas e non son aburridas en absoluto, pero... son tan doadas como parecen? Ao día seguinte pola tarde, ás 19.00 horas, é a quenda de *Son Animal*, de Paco Nogueiras, unha actividade musical dedicada aos animais máis próximos e aos seus sons convertidos en diversas cancións, que



van por todo o mundo a través de diferentes estilos musicais: dende un aire portugués aos ritmos do leste de Europa, dende unha balada acústica a un animado rock&roll, dende unha fanfarria circense ate unha melodía de influencias andinas. O mércores 16, haberá unha dobre sesión, a primeira ás 18. 15 horas con música para bebés e, logo, ás 19.00 horas, tócalle a Brais das Hortas e os seus *Contos para cagar patatillas*, unha actividade que desfrutarán de cheo os rapaces.

“Quen ten cu, ten medo. Iso non é malo: é normal. Valente non é quen non ten medo, senón quen é capaz de enfrontar o seu propio medo”. Diso falan estes contos, cheos de música, de humor, de efectos especiais, de participación do público, baile, construción de instrumentos de refugallo e moito máis. Historias que falan de pedras que se converten en xigantes, un romance



galego que canta a aposta de dous amigos nun cemiterio, un león e unha elefanta no medio da noite na sabana africana, unha nena que escoita por vez primeira a tormenta... Historias que saen dunha vella maleta escondida no faiado nunha noite de inverno. O xoves 17, á mesma hora e como punto final de Parque activo, farán unha parada co seu carromato co que levan percorrendo camiños máis de dez anos, Os Monifates, ou Alberto Millán Betanzos e Xosé Piñeiro Pérez, un dúo cunha ampla experiencia musical e de lutería que desde 2015 levan repartindo alegría e facendo bailes ás súas marionetas ao mesmo tempo que interpretan música en directo. A maiores, o luns 21 e o martes 22 ás 16.30 horas, na avenida da Coruña, terá lugar a festa da escuma, que será un éxito seguro entre os máis pequenos, que poderán desfrutar de inchables e diversos xogos para pasar unha tarde do máis entretida.

### ENTREVISTA A ANABEL ALONSO, BIBLIOTECARIA

**Amplían programación con respecto ao pasado? Que novidades hai?**

Cambiamos as datas do Parque Activo, este ano estaremos xusto antes de darlle a saída ás Festas do Carme e recuperamos a situación orixinal no parque municipal.

**Como se acolle a iniciativa?**

O resultado é moi positivo. Dáse a coñecer a Biblioteca e os seus servizos entre a veciñanza. As actividades dirixidas a público infantil teñen moi boa acollida todo o ano. O Parque Activo é unha prolongación cara o verán das nosas actividades de animación á lectura anuais.

**Cal é o obxectivo final destas actividades?**

Naturalmente o obxectivo é achegar aos nenos e ás nenas ao mundo da lectura. Pero tamén ofrecer un espazo lúdico durante estes días de verán dirixido especialmente ao público infantil. Tamén pretendemos facer presente a Biblioteca entre a veciñanza.

“O que máis gusta é a música infantil, a maxia e os contacontos”

**Ademais destas actividades fai-se un intenso labor todo o ano.**

Durante todo o ano temos unha serie de actividades fixas: o Xoves na Biblio, que consiste en actividades de animación á lectura para público infantil (contacontos, teatro, música...); Relendo a vida, un club de lectura dirixido a maiores de 55 anos que facemos en colaboración co CIM das Pontes; dous Clubs de lectura, un deles específico de novela negra; un cinefórum no que este ano programamos unha serie de películas asiáticas ou un programa de radio semanal en Radio Eume onde recomendamos libros e falamos da actividade da biblioteca. Tamén celebramos, por suposto, o Día do Libro, o Día de Rosalía, as Letras Galegas, o Día

das Bibliotecas, etc.

**Que é o que máis gusta de toda a programación que presentan? Teatro, contacontos ou outros?**

O que máis gusta normalmente é a música infantil, tamén a maxia e os contacontos. Nas actividades do parque tamén a cativada espera ansiosa un sorteo que facemos entre todos os participantes cada día dun agasallo sorpresa.

**A que idade comeza a xente miúda a achegarse á biblioteca?**

Temos socios que aínda non chegan ao ano e que xa levan libros da nosa sección de Bebeteca. Ese público prelector é moi usuario dos servizos da Biblioteca. De feito no noso Xoves na Biblio de cando en vez facemos activida-

des dirixidas a bebés. Hai público de todas as idades.

**Que proxectos de futuro ten a biblioteca?**

O curso que vén pretendemos retomar as actividades de sempre e temos previsto algunhas novas. Gustaríanos que a Biblioteca tivese máis presenza na comunidade e ter programas dirixidos a todo tipo de públicos. Tamén queremos reforzar as nosas redes sociais e sacar máis os programas da biblioteca ao exterior, á rúa e a outros locais culturais e de ocio.

**Contan con apoio municipal para a súa programación?**

A nosa Biblioteca é municipal, todo o traballo que se fai está financiado e apoiado desde a Concellería de Cultura. Deseñamos toda a nosa programación coa concelleira de Cultura, Lorena Tenreiro e as nosas compañeiras do Departamento de Cultura. Tamén colaboramos con outras institucións municipais como o CIM, o Conservatorio ou a Radio e a Televisión local.



# FLORES

## Unha tradición floral que non decae

**O domingo 20 será o día grande dedicado á Virxe do Carme, que desfilará por riba da alfombra veciñal**

As celebracións litúrxicas son indispensables para as festas da Virxe do Carme e, este ano, darán comezo o venres 11 co inicio da novena, que se celebrará todos os días ás 7.30 e ás 19.30 horas nunha carpa diante da Capela do Carme. O sábado 19 chegará ao seu final ás 20.00 horas, un día despois do comezo oficial das patronais. Ese mesmo día, ás 21.30 horas, será a procesión nocturna coa actuación da Agrupación Coral das Pontes, que

foron os pregoeiros das festas o ano pasado. Este colectivo leva traballando de forma ininterrompida desde 1974, cando botaron a andar baixo a dirección de Alfonso de la Torre, o cura de Burgás, que foi o gran impulsor. A súa composición foi fluando cos anos, mesturando cantantes preparados e con formación musical previa con outros que achegaron só as súas ganas de cantar, o que non foi ningún impedimento para facer



un grupo unido que acumula ao longo destes anos milleiros de experiencias e lembranzas. O prato forte, será o domingo 20 ás 12.00 horas, na igrexa parroquial, cunha misa solemne de celebración da eucaristía, de novo cantada pola Agrupación Coral As Pontes. Seguidamente, será a procesión de subida da Virxe do Carme co acompañamento da banda de música cultural e recreativa das Pontes e Canavella e sobre a alfombra floral para acompañar á imaxe no último tramo de procesión, desde a igrexa de Santa María á Capela do Carme.

A elaboración da alfombra comeza na madrugada do sábado ao domingo, desde as cinco da mañá ata arredor das dez. Aínda que xa se está traballando nela desde comezos de semana, conseguindo todo o material a través dos veciños, dos diferentes negocios do pobo ou cortándose flores nun dos colexios municipais, e prepa-

rándoo para que o propio día só teñen que ocuparse de colocalos no seu lugar correspondente.

O primeiro paso é o encolado do papel que leva o deseño e, despois, seguindo as indicacións de quen o fixo, procédese a colocar os diferentes materiais ata completar o debuxo.

No proceso de recolección de flores, adoitan participar arredor de trinta persoas, vinte das cales, logo, encárganse de montar a alfombra. Incluso mencionan que

xa avanzada a mañá poden atoparse cun transeúnte que sempre está disposto a botar unha man. Moitas horas de traballo e de madrugada para unha arte completamente efímera que remata pola mañá tralo paso da procesión pero que merece moito a pena polos resultados espectaculares. O 21 a misa será ás 12.00 na honra a Santa María Magdalena na Capela para rematar o 25 co oficio á mesma hora, esta vez na honra a Santiago.



# herranz

## odontólogos

ORTODONCIA GENERAL Y ESPECIALIZADA  
DISEÑO DIGITAL DE SONRISA  
ESCÁNER INTRAORAL  
IMPLANTOLOGÍA CON CIRUGÍA GUIADA  
PERIODONCIA  
REGENERACIÓN ÓSEA  
TERAPIAS CON LÁSER DIODO  
BRUXISMO Y ATM

Alfredo Vicenti 2, 2C. 15004, A Coruña  
Rosalía de Castro 4, bajo. 15320, As Pontes  
[www.herranzodontologos.com](http://www.herranzodontologos.com)  
981 255 874


# h

## Herranz Odontólogos

### Clínica Dental

## Ortodoncia niños y adultos

## INVISALING®



# PONTESA

## MARMOLES Y GRANITOS



Polígono Industrial Os Airios, sector 2 parcela 11B  
As Pontes de García Rodríguez - A Coruña  
Tlf.: 981 450 899 / email: [info@pontesa.es](mailto:info@pontesa.es)



# ROMARÍA DA FRAGA

## O galego como protagonista do fin de festa

O festival do 24 estará este ano a cargo de The Rapants, Nimbos, Ailá e Señora DJ, para dar paso á romaría

A Romaría da Fraga é unha festa popular que se celebra desde o ano 1904 e que desde o seu inicio pretende celebrar o 'patrón pequeno' das festas das Pontes. Nos seus comezos situouse nunha pequena illa do Eume, onde a xente organizaba as súas merendas e xogos, pero anos máis tarde pasou a celebrarse na Carballeira de Dona Rita, as beiras do río Eume. É neste mesmo lugar onde se segue celebrando na actualidade, aínda que agora xa integrada como zona verde no centro urbano do Concello.

Ao longo do tempo fóronse introducindo novidades: máis días de romaría, acompañamento musical de orquestras, grupos de música e baile tradicional, así como maior presenza e influencia da mocidade nas actividades que se fan ao redor da tradicional romaría. Así mesmo, xurdiron novas iniciativas, como a posta en marcha en 1998 do Festival de Folk da Fraga, que se celebra o 24 de xullo.

Este ano, neste marco contarase coas actuacións de The Rapants, Nimbos, Ailá e Señora DJ. A presenza destes artistas, representa unha clara aposta pola música en galego feita en Galicia, por artistas que falan e cantan desde aquí para o mundo. A cabeza de cartel foi anunciado con anterioridade como un dos eixos da programación principal.

Estará acompañado de grupos de prestixio e estilos diferenciados



que permitirán gozar aos asistentes dunha noite moi especial.

### LOUBAND

O propio día da romaría, o venres 25, e logo dunha misa, haberá unha sesión vermú a cargo do grupo Louband, unha formación musical nada en Sarria no ano 2017. O estilo musical inclúe versións de clásicos musicais tanto en galego como en castelán. Entre os estilos musicais destacan o ska, reggae, cumbia, pop e rock. Todos as versións están arranxadas por eles mesmos dando protagonismo ás

voces e aos ventos da formación. Do repertorio en galego destacan versións como *O Tren* de Andrés do Barro, *Quen puidera namoral* de Celso Emilio Batallán así como tributos a outros grupos galegos coñecidos como Lamatumbá, Sinistro Total ou Herdeiros da Crus. No repertorio en castelán conflúen numerosos estilos entre a cumbia o pop dos 80' e 90' e o rock de máis éxito.

### FESTICULTORES

A partir das 19.00 horas, os festicultores recorrerán as rúas da

vila co seu animado espectáculo, cheo de música e diversión. É unha banda cunha vintena de historia ás súas costas e máis de 800 actuacións por varios países como Portugal, Francia, Serbia, Polonia, España, e cunha habilidade irrefutable: a de cultivar a festa máis vigorosa alá onde ve a base de música, humor, baile e desinhibición cerebral. Compartiron varias veces escenario con artistas como Manu Chao Radio Bemba Sound System, onde foron convidados a participar no Baionarena 2008. Todo comeza cando unha noite



## DISEÑO WEB

¿Tu sitio web necesita una actualización?  
¡Nosotros podemos ayudarte!

eumenet

☎ 626 096 107  
eumenet.es



de lúa chea Emilio Oro sofre unha transformación xenética e cerebral que o levou a converterse na Kabra Macabra. Despois de meses de andaina co seu carrizo de música itinerante e moita vida social decide recrutar tropa para revolucionar o mundo dos pasarrúas en Galicia. A primeira formación do grupo quedou integrada por Yuri Brinkas (cantante), Xiñor Tonichi (guitarra), Martín el Beizo (trompeta), Alex Díaz (saxo), Gustavo Agasi (caixa), Xurxo Troncoso (bombo), Manuel Lousas (violín) e Emilio Oro (teclado), aos que logo se une Miguel Rumbao (baixo).

FIN DE FESTA

A orquestra Los Españoles, especializada en amenizar verbenas galegas desde 1988, encargárase de pechar as festas e máis concretamente a romaría, ás 22.00 horas. Pero se a música é a gran protagonista o é aínda máis o espírito de foliada que reina na celebración que, ante todo, busca



ser respectuosa con unha zona protexida. Así, días antes da feira faise un reparto de espazos para evitar que ninguén quede fóra e que todo vaia segundo a normativa, que todos os grupos teñan o seu lugar para desfrutar da música e das horas de festa que se prometen nunha xornada que é festiva para toda Galicia.

A orquestra Los Españoles porá o punto e final ás festas das Pontes 2025



OS GRUPOS DO FESTIVAL

NIMBOS

Nimbos nace na cabeza de Antía Caaveiro, vocalista, frautista e gaiteira do grupo. Despois de anos compoñendo melodías e musicalizando poemas, a maioría da súa irmá, decide formar unha banda para compartir todas esas cancións que foron crescendo con ela dende que compuxo o seu primeiro tema aos trece anos. En 2023 súmanse a este proxecto Álvaro García á guitarra, Xalo Rubio ao acordeón, Mario Arranz ao contrabaixo e Diego Barro á percusión. Comezan a dar concertos en sitios como A Casa Museo Manuel María, o Festival Irmandinho de Moeche ou o Festival Folk da Fraga, entre outros. Bebendo da tradición e do folk, Nimbos crea o seu universo

sonoro mesturando con outros estilos como o jazz, construíndo unha música bailable nun amplo sentido da palabra, que leva aos directos a facilidade de interactuar dende o corpo. Están rematando de gravar o seu primeiro disco, para comezar a xira a partir de outubro de 2025. Xa teñen algún adianto publicado e terán máis sorpresas neste verán. Están no momento de expandirse alén da súa contorna na que xa son coñecidos e rodar polo resto de escenarios da rexión.

AILÁ

Ailá é unha proposta inspirada na música tradicional de transmisión oral co obxectivo de facer bailar e de sentir esa enerxía universal feita “de raíces e de ás”.

O grupo mergúllase no universo folk, cuns impecables arranxos baseados nas recoillidas históricas do saber musical popular. Isto, unido á peculiar formación composta por catro músicos, dálles un carácter único, achegando unha nova sonoridade ao repertorio tradicional. Ademais, Ailá pretende con esta nova proposta artística facer chegar a súa música de raíz ás xeracións máis novas, cunha linguaxe e sons máis próximos sen perder a esencia, achegando unha visión máis ampla do universo musical no panorama actual.

THE RAPANTS

O grupo presentará en directo o seu último traballo, *La máquina del buen rollo*, no marco do Festival A Fraga, unha proposta de balde que promete facer bailar sen prexuízos a todo o público asistente.

The Rapants, nados en Muros e consolidados como un dos grandes nomes da escena indie-pop galega, chegan á Fraga tras pasar por festivais como O Son do Camiño, SonRías Baixas ou Caudal Fest. Co seu novo disco *La máquina del buen rollo* —nove cancións tristes para corazóns de after, con influencias disco, rock e hip hop— están a revolucionar os escenarios con directos cheos de enerxía, ironía e conexión co público.

SEÑORA DJ

Cunha enerxía que electriza os escenarios e un estilo inconfundible, Raquel R. Soto, máis coñecida como Señora DJ, conquistou o mundo da música desde o seu debut en 2016. Orixinaria de Vilagarcía de Arousa, esta talentosa DJ deixou marca na escena musical de Galicia.

O que a distingue é a súa ecléctica mestura de xéneros, desde o indie ata o pop e o urbano, pasando polo disco e o techno. Pero o que realmente a fai única é a súa capacidade para infundir cada set cun toque de “petardeo fino”, ese ingrediente especial que fai que calquera ocasión se converta nunha festa inesquecible. Señora DJ ten un compromiso co recoñecemento das compositoras mulleres, dándolles un lugar especial ás señoras na música e valorizando a súa influencia e contribución. Selecciona temas con discursos feministas e prol-LGBTQ+.

# GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo  
15320 AS PONTES (A Coruña)  
981 440 098 - 699 145 568  
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo  
27800 VILALBA (Lugo)  
982 523 034 - 645 851 946  
contacto@gestoriagayoso.com

# TEXAS

MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083  
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

Texas Moda Joven



# A MÚSICA DO CARME

## Hija de la Luna, actuación destacada no día grande

A música ocupará a parte central da programación co tributo a Mecano, as mellores orquestras e protagonismo de varios grupos locais

A música e o baile forman parte da esencia das festas da Virxe do Carme, e este ano, contarase cunha proliferación de grupos e artistas convidados para que todos os habitantes da localidade pontesa, e de todas as idades, desfruten destas patronais.

### HIJA DE LA LUNA

O prato forte da programación cultural deste ano é o espectáculo *Hija de la luna*, considerada “a mellor homenaxe a Mecano do mundo”. Terá lugar o venres 18, ás 22.00 horas, na praza de América.

É un espectáculo protagonizado por Robin Torres, que volve aos escenarios tras 7 anos de xira e máis de 300 concertos por España e Latinoamérica, conquistando a miles de espectadores coa súa impresionante homenaxe a unha das bandas máis icónicas do pop en español.

Nesta nova etapa, *Hija de la Luna* rende tributo á xira máis importante de Mecano, a do seu disco *Descanso Dominical*, o máis vendido da súa carreira



e un fito que os consolidou como lenda.

O espectáculo foi completamente renovado: novas coreografías, vestuario espectacular e unha escenografía brillante, todo coidado ata o máis mínimo detalle para revivir a esencia dun auténtico concerto de Mecano.

A crítica foi unánime: *Hija de la Luna* é a mellor homenaxe a Mecano ata a data, e agora, o público das Pontes poderá gozar desta experiencia única e emocionante dentro do marco das Festas do Carme 2025.

Unha noite para cantar, emocionarse e volver vivir, coma se fose a primeira vez, os grandes éxitos

de Mecano: *Cruz de navajas*, *La fuerza del destino*, *Mujer contra mujer*, *Me cuesta tanto olvidarte*, entre moitos outros. O acceso a este concerto é gratuito.

### NOITES DO CARME

Como se vén facendo desde varias edicións pasadas, antes de dar oficialmente comezo ás festas, haberá unha previa coas Noites do Carme, desde o venres 11 ata o xoves 17, na que haberá unha actuación por xornada. Debutarán nesta xornada festiva a Escola Municipal de Baile Moderno, cunha actuación ás 21.00 horas na praza do Carme, que deixará un bo sabor

de boca para a xeira de actuacións que lle van suceder.

O sábado 12 ás 20.00 horas, convidarase aos veciños das Pontes a un Certame de Bandas na praza de América, precedido dun pasarrúas ás 19.30 horas, coas bandas Isabel II de Touro, a Banda de Música de Arca e a Banda cultural e Recreativa das Pontes.

Logo dun parón, o luns 14 retomarase a programa co III Festival de Acordeóns Vila das Pontes e o martes 15 é a quenda do II Festival de Música de Ultramar, no que participarán a Rondalla Vila das Pontes e a agrupación coruñesa Amizades. Como non pode ser doutra





maneira, haberá espazo para a música tradicional coas actuacións da Banda de Gaitas da Escola Municipal de Música Tradicional e o grupo de baile da Escola Municipal de Gaile Galego, que farán unha actuación conxunta; e na última xornada das Noites do Carme o protagonismo será para as agrupacións tradicionais Canavella, Os Trevillas e No Cómbaro.

### CONCERTOS

Dando por finalizada a previa, o venres 18 xa se dará paso á propia festividade e, comezará a sesión ás 20.30 horas cunha actuación musical do grupo Black, conxunto formado por nove talentosos músicos da escena local que levan aos escenarios un potente directo no que versionan a grandes artistas coma Aretha Franklin, Otis Redding o Stevie Wonder. Precederá, ao concerto do

tributo ao grupo Mecano *Hija de la Luna*.

O sábado 19, convidarase á veciñanza a un concerto da Banda Cultural e Recreativa das Pontes e, a maiores, o luns 21 ás 20.00 horas, terá lugar o Festival Internacional de Folclore, con actuacións no Pavillón Polideportivo Municipal de grupos procedentes de Panamá, India, Eslovaquia, Valladolid e Galicia.

### PASARRÚAS

A sesión dos pasarrúas, arrincará o sábado 19 ás 11.30 horas cos grupos Axóuxere e Feroces da Galgueira, que percorreren as rúas da vila coa súa música tradicional.

O luns 21, á mesma hora, haberá unha dobre sesión, pola mañá cos grupos No Cómbaro e Os Trevillas e pola tarde, ás 18.30 horas, cos grupos folclóricos do festival, que tocarán nas rúas do Concello. Canavella

será o último en tocar, o xoves 24 ás 12.00 horas.

### VERBENAS

O venres 18, sobre as 23.30 horas, terá lugar a primeira verbena, a cargo das orquestras Finisterre e Panorama City, a cal comeza esta ano coa su xira como proposta paralela á icónica Orquestra Panorama, malia que mantendo a esencia que a converteu nunha referencia absoluta no sector. Ámbalas dúas contan cun programa do máis variado, desde os temas máis clásicos aclamados por todos, pasando polos xéneros habituais dunha verbena, ata os máis novidosos.

Ao día seguinte, é a quenda do grupo Antha, que amenizará a sesión vermú das 14.00 horas, coas súas cumbias; bachatas; meringues e pasodobres. Pola noite, os protagonistas da verbena serán Los Players e Los Satélites,



os cales levan desde 1960 e 1938 formando parte da tradición de orquestras de Galicia.

O domingo 20, o grupo Máster, é o que estará a cargo da sesión vermú, que será á mesma hora e no mesmo lugar que o sábado e, xa na verbena da noite, estará a famosa orquestra París de Noia xunto a New York, que tamén ten un gran

percorrido musical.

Como colofón, o grupo La Samba será o toque na sesión vermú do luns 21 e as orquestras Origen e Olympus, as que deleitarán á veciñanza cun espectáculo cheo de luminotecnia e coreografías impactantes, poñendo punto e final ás festas da Virxe do Carme, para dar paso á Romaría da Fraga.

## OS GRUPOS DO FESTIVAL

### AXÓUXERE

Naceu en 1995 en Roupas, na parroquia do mesmo nome, no Concello de Xermade. No grupo teñen harmonías para gaitas, frauta traveseira, saxofóns, pandeireta, tamborís e bombo. O seu obxectivo é amenizar as festas, ou facelas alí por onde pasan, pero principalmente, facer equipo e pasalo ben.

### NO COMBARO

Este grupo de música galega formouse no ano 2003, empezando a súa traxectoria como cuarteto tradicional con dúas gaitas, tambor e bombo. Co transcurso dos anos fóronse incorporando outros instrumentos como son a zanfona, a frauta traveseira, o clarinete, acordeón e voz ata completar a formación actual composta por oito membros.

Os inicios das súas actuacións foron coas alboradas e os pasacalles, recorrendo as comarcas do Eume, Terra Chá e Ferrolterra. Participaron tamén en festivais na localidade e arredores.

Con este pequeno proxecto, ademais de desfrutar tentan divulgar, dignificar e manter viva a esencia da música tradicional, dándolle un xeito propio con pezas da súa propia creación pero tamén mantendo e conservando o repertorio dos antigos gaiteiros.

### CANAVELLA

Este grupo creouse con membros da Escola Municipal de Música Tradicional das Pontes arredor dos anos 2009, e nos seus comezos estaba formado por 3 gaitas, 2 tamborís e 1 bombo. Actualmente está composto por 3 gaitas, 1 tamboril e 1 bombo pero o seu repertorio está formado por todo tipo de pezas tradicionais como son os pasodobres, as muiñeiras, as rumbas ou as xotas.

### FEROCES DE GALGUEIRA

Este é outra das formacións locais que amenizará as festas. Son unha agrupación de música tradicional das Pontes con moito ritmo formado por sete rapaces,

Marcos Freire, Carolina Leal e Sara López coas gaitas, Antonio Tuimil co acordeón, Ana Vilaboy coa pandeireta, Luis Pita e Miguel Ferreiro co bombo e platinillo. Este grupo comezou a súa andaina en maio do 2009 cando tocaron por primeira vez no Cine Alovi doce pezas moi elaboradas e matizadas. O seu nome provén da Galgueira, unha parte do monte que da cara As Pontes.

### OS TREVILLAS

Este grupo formado por uns amigos das Pontes, aos que lles gustaba a música, comezaron a aprender a tocar a frauta alá polo ano 1993 no baixo dunha carpintería, da man do músico autodidacta Manuel Seijo. Logo ensinoulles a tocala gaita, e co paso do tempo decidíronse a formar un grupo, que naceu no ano 1995.

O seu primeiro disco presentouse o 22 de outubro do 2005 no Cine Alovi das Pontes, e chamouse *Dalle Dalle*, está feito de pezas tradicionais galegas, e tamén inclúen nel unha canción que lles ensinou o sacristán das Neves.



INFORMACION@NEWTONACADEMIA.ES  
WWW.CURSOSGWO.COM





## REPORTAXE

## Unión veciñal para preservar unha xoia natural

## Nace nas Pontes a Asociación de Concellos da Comarca do Eume para xerar riqueza e emprego

Presentouse no Concello das Pontes a nova Asociación de Concellos para a xestión da Comarca do Eume, unha entidade que agrupa aos cinco municipios que integran esta comarca: As Pontes, Pontedeume, Monfero, Cabanas e A Capela.

Durante a presentación desta nova entidade, o alcalde das Pontes, González Formoso subliñou que esta colaboración “non busca só dinamizar o turismo, senón crear accións conxuntas para unha xestión máis eficiente dos recursos, optimizar custos e deseñar proxectos que sexan xeradores de emprego e riqueza para o conxunto da comarca”.

Pola súa banda, os alcaldes dos con-



cellos integrados nesta nova asociación destacaron a importancia de traballar unidos para acceder a fondos europeos, estatais e autonómicos, deixando a un lado calquera diferenza política.

Tal e como sinalou o alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, “nós traballamos para os veciños e veciñas dos nosos concellos, e a través desta asociación farémolo para tódolos habitantes da comarca do Eume. Aquí non caben diferenzas políticas; o que importa é o benestar e os intereses da nosa xente”. Fernando Couce, alcalde de Cabanas e presidente da Asociación, apuntou que este proxecto “nace coa vontade dos cinco concellos de agruparnos, xuntar recursos e, en definitiva, facer forza arredor dun recurso turístico único, que sen dúbida, grazas a esta unión, poderemos xestionar de forma moito máis eficiente”.

A principal finalidade desta nova

entidade é coordinar e aproveitar conxuntamente o potencial turístico dos cinco concellos, tendo como eixo vertebrador o Parque Natural das Fragas do Eume e baixo unha marca común poñer en valor a riqueza e diversidade cultural, arquitectónica, natural e gastronómica da comarca, ofrecendo propostas integradas e de maior impacto.

## AMPLIANDO AS FRAGAS

Mentres os concellos unifican esforzos a Xunta de Galicia adquiriu 56 parcelas máis nas Fragas do Eume por máis de 457.000 euros e negocia a compra doutro centenar para ampliar a superficie pública deste parque natural ata as 2.000 hectáreas. Segundo dixo a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, logo de asinar a escritura de compravenda cos 13 propietarios destas 56 parcelas, que están

localizadas nos concellos da Capela (23), Monfero (25) e As Pontes (8) e supoñen unha superficie de preto de 80 hectáreas, estas fincas súmanse ás 40 adquiridas con anterioridade polo Goberno galego.

“En total, levamos comprado xa preto de 100 parcelas, cunha superficie de 110 hectáreas por máis de 640.000 euros a unha trintena de propietarios”, subliñou Ángeles Vázquez.

E, tal e como avanzou a conselleira, a Xunta xa está a tramitar o que sería o sexto lote deste procedemento a través do que se prevé a adquisición doutro centenar de parcelas, que suporían unha superficie aproximada de 50 hectáreas, por un importe de arredor dos 300.000 euros.

Mentres esta compra ten lugar, os veciños continúan facéndose oír e reclamando prezos xustos polas súas terras, así como os mesmos dereitos que outros propietarios.



**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias • Festivales  
Fiestas • Infantil  
Humor • Gastronomía  
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**

[www.ocioengalicia.com](http://www.ocioengalicia.com)